

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

7603 Orde AAA/1351/2016, do 29 de xullo, pola que se modifica o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

O artigo 56 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, na súa redacción dada pola Lei 33/2015, do 21 de setembro, creou a Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, en cuxo seo, e segundo o artigo 58 da mencionada norma, se estableceu o Catálogo español de especies ameazadas. O contido de ambos os instrumentos -en diante, «Lista» e «Catálogo»- foi definido a través do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.

O artigo 56.1 da Lei 42/2007 determina que se incluírán na Lista e no Catálogo as especies, subespecies e poboacións merecedoras dunha atención e protección particular en función do seu valor científico, ecolóxico, cultural, singularidade, rareza ou grao de ameaza, así como aquelas que figuren como protexidas nos anexos das directivas e convenios ratificados por España. Pola súa parte, os artigos 56.2 e 58.2 da citada lei sinalan que a inclusión, o cambio de categoría ou a exclusión de taxons na Lista e no Catálogo poden realizarse logo de iniciativa das comunidades autónomas e de calquera cidadán ou organización que xunte á correspondente solicitude unha argumentación científica da medida proposta.

A existencia de nova información científica e técnica para varios taxons da nosa fauna e flora autóctona aconsella a modificación do seu instrumento de protección, tal e como solicitaron as comunidades autónomas de Galicia e de Asturias, a Sociedade Española de Malacología e a Asociación Ben Magec-Ecologistas en Acción-Canarias.

As especies, subespecies ou poboacións para as cales estas administracións e institucións solicitaron a súa inclusión ou modificación na Lista e no Catálogo son as seguintes. En relación coa flora: *Nuphar pumila* subespecie *pumila*, cuxa situación actual aconsella que sexa incluída no Catálogo como en perigo de extinción; a poboación de *Cymodocea nodosa* en Canarias, que cumpre os criterios para ser incluída no Catálogo como vulnerable dada a súa particularidade por ser unha herba enraizada nos fondos mariños; as especies *Eryngium viviparum* e *Centaurium somedanum*, que pasan de estar na Lista a incluírse no Catálogo, ambas coa categoría de vulnerable. Para o caso da fauna, o estado de conservación dos moluscos fluviais *Unio mancus* e *Margaritifera margaritifera* fai necesario a súa inclusión no Catálogo nas categorías vulnerable e en perigo de extinción, respectivamente.

Esta orde dítase de conformidade coa disposición derradeira segunda do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, que faculta o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, no ámbito das súas competencias, para modificar o anexo do dito real decreto co fin de actualizalo e, se for o caso, adaptalo á normativa comunitaria. Deste modo, incorpóranse ao anexo I do mencionado real decreto distintas especies, subespecies e poboacións que non figuraban con anterioridade e outras cambian de situación, para adaptalo á información científica actualizada dispoñible.

Na súa elaboración, a presente orde seguiu o trámite de audiencia previsto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno; consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados e someteuse o proxecto ao trámite de participación pública en materia de ambiente

establecido no artigo 16 en relación co artigo 18.1.h) da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente (incorpora as directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE). Así mesmo, solicitáronse os informes da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, do Consello Estatal do Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Comité Científico do artigo 7 do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas.*

Con obxecto de incluír ou cambiar de situación determinadas especies, subespecies ou poboacións (en diante, «especies»), modifícase o anexo do Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, que contén a relación de especies incluídas na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e, se for o caso, no Catálogo español de especies ameazadas, nos seguintes termos:

Un. Inclúense na Lista de especies silvestres en réxime de protección especial, ou ben no Catálogo español de especies ameazadas, as seguintes especies nas categorías que se indican a continuación:

Nome científico	Nome común	Poboación referida
-----------------	------------	--------------------

Especie que se inclúe no Catálogo na categoría «En perigo de extinción»

FLORA

ANXIOSPERMAS <i>Nymphaeaceae</i>		
<i>Nuphar pumila</i> subsp. <i>pumila</i>	Nenúfar marelo pequeno	

Especies que se inclúen no Catálogo na categoría «Vulnerable»

FLORA

ANXIOSPERMAS <i>Zannichelliaceae</i>		
<i>Cymodocea nodosa</i>	Seba	Canarias

INVERTEBRADOS

MOLLUSCA, BIVALVIA Unionoidea		
<i>Unio mancus</i>	Náiade mediterránea	

Dous. As especies que se relacionan a continuación cambian de situación dentro da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial:

Nome científico	Nome común	Categoría anterior
-----------------	------------	--------------------

Especie que se inclúe no Catálogo na categoría «En perigo de extinción»

INVERTEBRADOS

MOLLUSCA, BIVALVIA Unionoidea		
<i>Margaritifera margaritifera</i>	Náiade de río, madreperla de río	

Especies que se inclúen no Catálogo na categoría «Vulnerable»

FLORA

A N X I O S P E R M A S Gentianaceae		
<i>Centaureum somedanum</i>	Centaurea de Somiedo	
Umbeliferae		
<i>Eryngium viviparum</i>	Cardiño da lagoa, cardiño vivíparo	

Disposición derradeira primeira. *Operacións de ancoraxe en fondos mariños con Cymodocea nodosa.*

A Administración xeral do Estado ou as comunidades autónomas no ámbito das súas competencias poderán regulamentar as operacións de ancoraxe de embarcacións ou outras similares en fondos mariños con presenza de *Cymodocea nodosa*.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Madrid, 29 de xullo de 2016.—A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.